

CASA DE ORFAS, MAPA DO SER

Na poesía galega, a década dos noventa supuxo a chegada dun bo número de autoras que puxeron o seu empeño en renovar o que até entón se estivera facendo. Unha delas é Emma Pedreira que, desde o momento en que se dá a coñecer como poeta en 1999 gañando o premio Johán Carballeira con *Diario bautismal dunha anarquista morta*, se converteu nunha das escritoras máis importantes desta época. Son varios os galardóns que mereceu como, entre outros, o Eusebio Lorenzo Baleirón por *Grimorio* (2000), novamente o Johán Carballeira por *Velenarias* (2001), o Premio Centenario Fermín Bouza Brey co libro *Os cadernos d'amor e os velenos* (2002) e o Fiz Vergara Vilariño coa súa última obra publicada: *Casa de orfas* (2005). Ademais tamén cultivou o xénero da novela con *Bestiario de silencios* (2001) e *As cinzas adentras* (2004).

En *Casa de orfas*, Emma Pedreira volve tratar dous temas que lle son moi queridos e xa aparecían noutras obras súas. Por un lado, está a reflexión sobre o universo feminino (onde se inclúen varios subtemas como a denuncia do maltrato contra as mulleres, a reescrita dos mitos clásicos desde o punto de vista da súa figura protagonista, a reivindicación da liberdade expresiva e a vivencia do erotismo desde un punto de vista integrador co entorno) e, polo outro, aparece a casa como símbolo central dos poemas vinculada á intimidade do ser (un eu poético feminino) que a habita e que se expón “*aberta en canle e desarmada,/ sacudida como en terremoto, en estado de alerta, cos ollos en terra viva*”.

O volume vén dividido en dúas partes, na primeira, “*As orfas*”, a autora define o termo “*orfas*” como as que perderon á nai pero tamén merecen este cualificativo as que escriben partindo de cero, reinventándose a cada nova palabra e renovando os modelos poéticos anteriores. Para elas perder a voz é igual que non ter vida. Nos poemas mestúranse mulleres procedentes da historia (a raíña Xoana, tola por amor), da literatura (Xenebra, esposa do rei Artur; Ofelia, noiva de Hamlet; a Carapuchiña, etc.) e da mitoloxía (as sereas) coas do mundo real como as mulleres de Chihuahua que viven desde hai anos un auténtico femicidio, as que levan o burka ás costas como un cárcere ou as condenadas á morte por lapidación nos países islámicos. Todas elas opóñense ao destino marcado e deciden escribilo por si mesmas. E, en certa maneira, iso é o que fai o eu poético na segunda parte do libro que leva por título “*A casa e o corpo*”. Realmente, o tema da casa xa fora tratado, nestes últimos tempos, por autores tan dispares como Rafa Villar (*Casa ou sombra*), Xulio Valcárcel (*Casa última*), María Lado (*casa atlántica, casa cabaret*) ou Miguel Anxo Fernán Vello (*Territorio da desaparición*) mais agora Emma Pedreira busca a identificación entre o eu e a casa porque “*Casa é que me abras o corpo/ e atopas nos adentros interior de faiados/ e olvidos*”. Dentro do edificio está todo: o pasado, o

nacemento, os soños e xogos da infancia no faiado, as ansias por medrar, o medo ao enigma do que nos agardará fóra das súas paredes, o descubrimento da escrita nun dos seus cuartos..., a vida enteira dun eu que a habitou desde o momento en que abriu os ollos por vez primeira á luz.

Polo tanto, *Casa de orfas*, é unha defensa contra o abuso que sofren as mulleres pero tamén un mapa da emocionada biografía do eu, un canto polas orfas de “*corazón suxo escrito dentro*” que deixan saír pola boca todo o medo e un poema de lume inscrito na pedra dunha casa que se converte en corpo e onde, como afirma o eu, “*nin entro/ nin conclúo/ nin existo*”. Só así acaba sendo tamén el parte da casa:

*nunca saberei decidir
se é de pedra
ou de árbore
que son feita.*

TERESA SEARA

Emma Pedreira Lombardía, *Casa de orfas*, Espiral Maior, 2005

